



AGROAMB PRODALT, S.L.
LG. PONTE DE OUTEIRO, 7
CASTRO DE REI - 27256
LUGO



Nº EXPEDIENTE: **MA967A 2000/51-0**

ASUNTO: **AUTORIZACIÓN DE XESTOR DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS**

Mediante o presente escrito notificaselle que con data 19/06/2001 esta dirección xeral dictou a resolución que se adxunta, de autorización de xestor de residuos sólidos urbanos, a empresa AGROAMB PRODALT, S.L., co número de inscrición 153.

Contra dita resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interperse, no seu caso, recurso ordinario ante o Conselleiro de Medio Ambiente no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á súa notificación, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 30/1992, de 26 de novembro

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2001

A SUBDIRECTORA XERAL DE CALIDADE
AMBIENTAL

O XEFE DE SERVICIO DE CONTROL E
XESTIÓN DE RESIDUOS



Asdo.: Natalia Crespo González



Asdo.: Fernando Asperilla Pinilla



AGROAMB PRODALT, S.L.
LG. PONTE DE OUTEIRO, 7
CASTRO DE REI - 27256
LUGO

Nº EXPEDIENTE: **MA967A 2000/51-0**

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL, de autorización para a xestión de residuos sólidos urbanos, por un prazo de 5 anos, a empresa AGROAMB PRODALT, S.L..

VISTA a solicitude formulada por d. Severiano Önega Ares, representante legal da empresa AGROAMB PRODALT, S.L., con NIF/CIF B27257666, domicilio social LG. PONTE DE OUTEIRO, 7, C.P. 27256 CASTRO DE REI (LUGO) e emprazamento do centro de traballo no mesmo, esta dirección xeral incoou o oportuno expediente en función dos seguintes:

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data 15/11/2000, D. Severiano Önega Ares, representante legal da empresa AGROAMB PRODALT, S.L., solicita a autorización para a xestión de residuos sólidos urbanos acompañada da documentación esixida.

Segunda.- Con data 31/05/2001, presenta xustificantes acreditativos da modalidade e contía da fianza por un importe de 613000 pesetas, da póliza de seguro nº 180168283 e de ter aboado a taxa administrativa correspondente, de conformidade co establecido no artigo 8 do Decreto 260/1998, do 10 de setembro.

Terceiro.- Vista tódala documentación, considérase que esta é acorde coa lexislación vixente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental é competente para coñecer a petición formulada, de conformidade co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia; o Decreto 482/ 1997, de 26 de decembro, de asignación de competencias, en relación coa lei 10/ 1997, de 22 de agosto, de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia, Decreto 260/1998, de 10 de setembro, polo que se regula a autorización de xestor de residuos sólidos urbanos.



Por todo o anterior, esta dirección xeral no exercicio das competencias que ten atribuídas

RESOLVE

Autorizar á empresa AGROAMB PRODALT, S.L., con NIF/CIF B27257666, domicilio social LG. PONTE DE OUTEIRO, 7, C.P. 27256 CASTRO DE REI (LUGO) e emprazamento do centro de traballo no mesmo, **como xestor de residuos sólidos urbanos para exercer a actividade de recollida, transporte e valorización de lodos de EDAR para aplicación agrícola como abono, coas seguintes prescricións: // Os lodos a xestionar deberán, en todo caso, provir dunha depuradora de augas residuais urbanas, non sendo extensible a presente autorización para outro tipo de depuradoras. // Para a aplicación dos lodos deberá contar cunha autorización escrita do propietario da finca, non podendo, en ningún caso, realiza-la aplicación dos lodos sin esta autorización.// O cumprimento disposto no Real Decreto 1310/1990, de 29 de outubro, polo que se regula a utilización de lodos de depuradora no sector agrario e da Orde Ministerial de 26 de outubro de 1993 de desenvolvemento do antedito Real Decreto, así como a normativa que con posterioridade se publique ó respecto.// O promotor deberá presentar perante esta Dirección Xeral un informe trimestral sobre a cantidade de lodos valorizada, a analítica dos mesmos segundo a antedita Orde Ministerial e a caracterización dos solos onde foron aplicados.**

No Rexistro Xeral de Xestores de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia **inscríbese co número 153**, con arreglo ás seguintes condicións:

Primeira.- En todo momento deberán cumprirse as prescricións que establece a Lei 10/1997, de 22 de agosto, de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia e o Decreto 260/1998, de 10 de setembro, polo que se regula a autorización de xestor de residuos sólidos urbanos.


Segundo.- Esta autorización é independente das demais autorizacións esixibles polo ordeamento xurídico.

Terceira.- A Administración resérvase o dereito a deixar sen efecto a presente inscrición polo incumprimento das condicións impostas na mesma, por calquera das causas establecidas no artigo 10 do Decreto 260/1998, de 10 de setembro, ou por calquera outra causa excepcional que o xustifique.

Contra dita resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Ambiente no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ó da notificación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquer outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2001

O DIRECTOR XERAL DE CALIDADE
E AVALIACIÓN AMBIENTAL



Asdo.: Francisco Pan-Montojo González